



MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO E O CONCELLO DE ABEGONDO PARA O FINANCIAMENTO DA “REDACCIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE ABEGONDO”.

1.- Competencia

Esta consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, en virtude do establecido no Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, ten atribuído o exercicio das competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións en materia de ordenación do territorio e urbanismo.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos exercer, entre outras, as funcións de:

- Definición, programación e execución da política de ordenación do territorio e urbanismo da Xunta de Galicia, así como a elaboración das disposicións que procedan.
- Elaboración de plans, proxectos, estudos e instrumentos de ordenación do territorio e urbanismo.
- Fomento do planeamento e da actividade urbanística.

2.- Antecedentes.

Con data do 26 de setembro de 2012 publicouse no Diario Oficial de Galicia a aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do concello de Abegondo.

En cumprimento do disposto nos artigos 92 da extinta Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística de Galicia, e 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, con data 11 de outubro de 2012, publícase integramente a normativa do antedito Plan (PXOM do concello de Abegondo) no Boletín Oficial da provincia de A Coruña.

A sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 14 de abril de 2016 anulou dito Plan Xeral na súa totalidade. O concello de Abegondo e a Xunta de Galicia presentaron recurso de casación, que foi denegado mediante sentenza desestimatoria de data 12 de xullo de 2017.





Como consecuencia do anterior, a normativa urbanística aplicable no término municipal neste intre vén constituída polas normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais do 14 de maio de 1991 (DOG nº 116, do 19 de xuño).

Por acordo do Consello da Xunta do 19 de outubro de 2017, aprobouse o proxecto de Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2018.

Para os efectos da tramitación do expediente de gasto, resulta de aplicación o establecido na Orde do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001; quedando condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2018.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, e para estes efectos tense previsto formalizar co concello de Abegondo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data de sinatura do convenio ata o 31 de decembro de 2021.

4.- Obxecto

O obxecto do convenio é establecer as condicións de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Abegondo, para a “**redacción do Plan Xeral de ordenación Municipal**”.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, as manifestacións do concello en canto considera necesaria e prioritaria a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal co obxecto de que o novo municipio de Abegondo dispoña dun documento urbanístico adaptado á lexislación vixente en materia de solo e ordenación do territorio.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio





fora do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

Documento asinado dixitalmente por María Encarnación Rivas Díaz,
Directora Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo

